



Música e actividades para toda a familia centran o programa de San Xoan 2016 na Coruña, Festa de Interese Turístico Internacional

- Os visitantes poderán gozar de concertos Siniestro Total, Os Diplomáticos de Monte Alto ou Bastards a Noite Meiga, nun cartel que se completa con actividades para o público infantil e familiar do 17 ao 24 de xuño

A Coruña, 20 de maio de 2016.- Concertos de bandas míticas como Siniestro Total ou Os Diplomáticos de Monte Alto, actividades infantís dende títeres ata xogos tradicionais, solta de globos de papel para facer voar os desexos e a queima da falla á hora meiga son os eixos da programación coa que A Coruña celebrará este ano a noite de San Xoan, Festa de Interese Turístico Internacional. A cidade prepárase un ano máis para recibir multitude de visitantes nunha celebración que ademáis desta vez cadra nun venres festivo en toda Galicia.

O concelleiro de Culturas, Xosé Manuel Sande, presentou na mañá deste venres no Pazo de María Pita o cartel e programa de San Xoán 2016, acompañado polo presidente do Consorcio de Turismo de A Coruña e concelleiro de Economía Social e Emprego, Alberto Lema. Destacou o “grande arraigo popular” desta celebración que “se rodeará de numerosas actividades complementarias”.

Campañas para atraer turistas ao San Xoan coruñés

Alberto Lema salientou a promoción turística do San Xoan coruñés, que se dá a coñecer fóra da cidade a través dunha campaña de comercialización e promoción das festas en internet e tamén entre os pasaxeiros da aeroliña Air Europa en toda España.

Dende o venres 17 ata o xoves 23, tódalas tardes haberá unha gran variedade de actividades para todos os públicos. Dende obras de teatro na rúa ata concertos para os máis pequenos, pasando por xogos tradicionais e titiriteiros onde a diversión estará asegurada.



A programación arredor da Noite Meiga comezará o venres 17 de xuño, coa celebración do San Xoán pequeniño, “unha programación infantil que axuda a descentralizar a festa por toda a cidade e que representa unha alternativa de ocio e cultural positiva, cun importante compoñente local e que ten unha grande aceptación”, explicou o responsable de Culturas. A actividade percorrerá desde o día 17 ate o xoves 23 de xuño 14 prazas con distintos espectáculos, e instalarase durante a xornada do día 24, desde as 12 da mañá, na praza de María Pita, onde que se sucederán distintas actuacións ata as 20.15 horas, na que o espectáculo Sons Miúdos pechará o festival.

Na noite do 23 ao 24, despois da queima da falla ás 00.00 horas, o Concello programará Sons de San Xoán. Abrirá a noite a banda local Bastards (00.15 - 01.15 h) para dar paso a Siniestro Total (01.30 h - 02.15 h). A continuación Os Diplomáticos de Monte Alto pecharán a noite de celebración cun concerto desde as 02.30 h ata as 04.00 da mañá.

Para dar a coñecer a programación, o Concello de A Coruña porá á disposición da cidadanía 10.000 dípticos informativos e unha web específica, que estará dispoñible desde o luns 23 de maio, na que poderá coñecerse as actividades programadas e os seus horarios, así como os ritos e tradicións da festa de San Xoán.